

A nova normalidade no Camiño de Santiago: reflexións para o futuro

Lucrezia Lopez* / Rubén Camilo Lois González

Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Xeografía, Praza da Universidade 1, 15703 Santiago de Compostela, España

Recibido: 8 de marzo de 2021 / Aceptado: 14 de xuño de 2021

Resumo

A COVID-19 alterou as relacións globais e os equilibrios territoriais, e non menos afectada resultou a mobilidade, cuxas dinámicas foron reconfiguradas. O turismo foi o sector económico máis castigado pola pandemia. A presente proposta pon o foco de atención nunha realidade turística de envergadura internacional, tal e como é o Camiño de Santiago, baseado en desprazamento e mobilidade. O obxectivo é contribuír ao debate actual acerca dos impactos da COVID-19 no Camiño de Santiago e avanzar reflexións para a súa futura recuperación. Por iso, adóptase unha metodoloxía cualitativa interpretativa que pon en relación estudos anteriores e ferramentas de planificación e xestión turística. Os resultados indican un comportamento diferente a curto, medio e longo prazo, e considérase que o Camiño volverá ser o *benchmark* dos itinerarios de peregrinación.

Palabras clave

Camiño de Santiago; COVID-19; nova normalidade.

The new normal on the Way of Saint James: Reflections for the future

Abstract

COVID-19 altered global relations and territorial balances, and mobility was no less affected, as its dynamics were reconfigured. Tourism was the economic sector hardest hit by the pandemic. This proposal focuses on a tourist reality of international importance, such as the Way of Saint James, based on travel and mobility. The aim is to contribute to the current debate on the impacts of COVID-19 on the Way of Saint James and to advance reflections for its future recovery. For this reason, a qualitative interpretive methodology is adopted that links previous studies and tourist planning and management tools. The results indicate a different behaviour in the short, medium and long term, and it is considered that the Way will once again become the benchmark for pilgrimage itineraries.

Keywords

Way of Saint James; COVID-19; new normality.

JEL Codes: O18, R11, Z12, Z3.

* L. Lopez: lucrezia.lopez@usc.es (autora para correspondencia), R. C. Lois González: rubencamilo.lois@usc.es

1. Introducción

A pandemia causada pola COVID-19 alterou as relacións globais e os equilibrios territoriais, e non menos afectada resultou a mobilidade. Non vivimos só unha limitación á mobilidade internacional, senón que coñecemos unha inesperada limitación á mobilidade a escala local, que reduciu ou anulou os nosos desprazamentos diarios. A saída do confinamento da primeira onda, a finais de xuño de 2020, significou unha lenta e desigual recuperación da “liberdade de movemento” e, con ela, un pautado ingreso na, así chamada, “nova normalidade”, unha expresión que se difundiu nos últimos meses para indicar o conxunto de medidas e hábitos que deberíamos aprender para convivir coa pandemia. Estamos a ver como a nova normalidade non supón a saída definitiva da pandemia, cuxa duración segue sendo incerta (a pesar das vacinas e da inmunidade de rabaño), senón que alude á convivencia con ela para poder desempeñar as actividades diarias, resaltando así as capacidades de adaptación propias de toda comunidade.

Como consecuencia deste feito histórico, reconfigurouse o escenario da mobilidade de negocio, reforzando modalidades de traballo non presencial e o *e-commerce*. O desexo de recuperar o tempo perdido animou os primeiros desprazamentos turísticos durante o verán de 2020 (primeiro verán da pandemia). O turismo foi o sector económico máis castigado pola pandemia, independentemente do segmento, precisamente por basearse no movemento de persoas (Febrero Paños e Bermejo Patón, 2021). Demostrouse a fragilidade dos territorios dependentes sobre todo da actividade turística; así mesmo, unha das primeiras ensinanzas desta crise sanitaria, e consecuente caída turística, foi confirmar que a economía dun territorio debe contar con sectores diversificados (The World Tourism Organization [UNWTO], 2020). De feito, o peche causado pola explosión da pandemia desencadeou un balance das prácticas turísticas, en modo especial das de masa, que antepoñían un uso intensivo do espazo turístico ao seu valor cualitativo e experiencial. En tal sentido, segundo Thomas Friedman (2020), a pandemia marcou un fito histórico, que permite falar do mundo A. C. (antes do coronavirus) e do mundo D. C. (despois do coronavirus).

A partir destas premisas, e cunha mirada máis atenta ao sector turístico, esta proposta pon o foco de atención nunha realidade turística de envergadura internacional: o Camiño de Santiago. Se ata hai pouco máis dun ano a preocupación era o *overtourism* e os seus impactos na experiencia da peregrinaxe, hoxe debemos de partir da actual crise turística mundial para analizar os impactos da COVID-19 no camiño de peregrinación (Lopez e Lois González, 2020). O Camiño de Santiago é un “mundo”, en canto que se caracteriza pola súa propia humanidade (é dicir, polos diferentes colectivos que o viven). Debido a isto, require unha atención especial, e por tanto para a súa reapertura deseñáronse unha serie de medidas que poderían ter impactos nas súas dinámicas, ritos e prácticas. O 2021 é unha cita importante, e esperada por moitos, debido a que, despois de once anos, o 2021 é Ano Santo Compostelán (ou Ano Xacobeo, xa que o 25 de xullo, día do Apóstolo, cae en domingo). Ao asumir que este Ano Santo 2021 non cumprirá coas expectativas, de forma excepcional declarouse Ano Santo tamén o 2022, durante o cal se espera poder recuperar os beneficios que xa se dan por perdidos neste 2021.

Así mesmo, esta proposta quere contribuír ao debate acerca dos impactos da COVID-19 no Camiño de Santiago a través dunha perspectiva histórica que analiza pasado, presente e futuro do itinerario xacobeo. Desde o punto de vista metodolóxico, adoptamos un enfoque cualitativo-interpretativo, presentamos unha revisión de estudos anteriores sobre o Camiño, así como os instrumentos de planificación deseñados antes e durante a explosión da pandemia. Seguindo unha liña do tempo, introducimos a caracterización do Camiño antes da pandemia, resaltando a súa dimensión experiencial e vivencial. Continuamos presentando a nova normalidade ao longo do Camiño, valorando as posibles repercusións da limitación á mobilidade internacional. Como resultado, avanzamos algunhas reflexións sobre o futuro do Camiño na nova normalidade, tendo en conta os efectos das limitacións de mobilidade e as limitacións sanitarias prescritas para evitar o contaxio (idade, grupos de riscos, etcétera).

2. Materiais e métodos

Segundo J. Creswell (2014), para o deseño dunha investigación é necesario establecer un marco xeral que aborde as diferentes facetas do estudo, desde a avaliación das ideas xerais, pasando polos da-

tos para, logo, chegar á análise e á avaliación. Entre o variado mosaico de perspectivas de investigación, cada unha cos seus presupostos teórico-conceptuais e metodolóxicos (Patton, 2002), optamos por unha metodoloxía cualitativa interpretativa, a través da que se lles intenta dar sentido a fenómenos referidos a un caso de estudo (Creswell, 1998; Denzin e Lincoln, 2018; Vasilachis, 2006). Igualmente, a estrutura da investigación pretende responder aos tres elementos estruturais indicados por J. Mason (1996): 1) definir a esencia da investigación; 2) definir os datos; e 3) indicar os métodos de análise e explicación.

En primeiro lugar, revisamos e analizamos estudos anteriores relativos ao Camiño de Santiago antes da pandemia a fin de presentar un estado da arte e con iso entender o alcance das peregrinacións xacobeas antes da pandemia. A través desta revisión, puxemos de manifesto os factores de éxito dun camiño de peregrinación que supera fronteiras intercontinentais. A revisión bibliográfica introduce tamén un aspecto cuantitativo, en concreto fai referencia á explotación da serie estatística publicada pola Catedral de Santiago de Compostela (que rexistra o número de peregrinos que recollen a *Compostela*¹ na Oficina de Recepción de Peregrinos da Diocese de Santiago). Os informes publicados pola Catedral de Santiago na súa páxina web presentan diferentes tipos de información. Neste exercicio interpretativo non menos relevantes foron as fontes referidas ás ferramentas de planificación e xestión do turismo, en xeral, e do Camiño, no específico. A través destas, destacamos o papel vertebrador que desempeña o Camiño para a política turística galega, e como consecuencia a atención recibida xa nas primeiras semanas da explosión da crise. Esta lectura transversal introduce a curto e a medio prazo novos patróns de comportamento, e avanza novos escenarios motivacionais que sumarán complexidade ao mundo do Camiño.

3. O Camiño de Santiago antes da pandemia da COVID-19

A peregrinación é un ámbito interdisciplinar e un proceso histórico e xeográfico cuxo desenvolvemento está tamén relacionado con factores económicos, políticos, antropolóxicos e, como tivemos ocasión de descubrir recentemente, con cuestións sanitarias que afectan á mobilidade internacional (Mróz, 2021). De feito, os estudos de peregrinación están estreitamente relacionados con cuestións de mobilidade, sendo a peregrinaxe un desprazamento *cara aos* sitios (Coleman e Eade, 2004). Trátase dunha mobilidade complexa e frutuosa, resultante da interacción de varios fenómenos que xeran relacións espaciais e culturais a diferentes escalas e, por esta razón, é preciso analizar cuestións asociadas a distancia e comportamento (Cohen, 1992; Collins-Kreiner, 2010; Digance, 2003; Eade e Sallnow, 1991; Stoddard e Morinis, 1997). As peregrinaxes son tamén consideradas as primeiras formas de desprazamentos turísticos (Apollo, Wengel, Schänzel e Musa, 2020; Collins-Kreiner, 2010, 2015; Timothy e Olsen, 2006). Este carácter móbil explica a caída dos movementos de peregrinación cara ás principais metas católicas durante e despois da primeira onda da pandemia (Mróz, 2021).

Unha das peregrinacións de máis éxito dos últimos anos é o Camiño de Santiago, primeiro Itinerario Cultural Europeo e unha das rutas de peregrinaxe medieval máis importantes do mundo. A expresión “camiño” utilízase para referirse a unha rede de itinerarios que numerosos peregrinos percorren para chegar á cidade de Santiago de Compostela, meta final. O centro histórico urbano de Santiago e algúns dos Camiños foron nomeados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Primeiro, en 1993 o Camiño Francés foi declarado Patrimonio Mundial da Humanidade; logo en 2015 os Camiños do Norte recibiron o mesmo galardón internacional. Desde o ano 1993, o Camiño foi fortemente impulsado polo Goberno rexional, polo que nos últimos anos houbo un crecemento continuo no número de peregrinos que chegan a Santiago, pasando de 99.436 en 1993 a 347.578 en 2019 (Oficina do Peregrino). Ata a interrupción da serie histórica causada pola COVID-19, os datos publicados pola catedral de Santiago referidos aos últimos dez anos mostran o aumento de peregrinos que recollen a súa *Compostela*.

¹ O certificado outorgado pola Igrexa ao camiñante que, segundo a tradición, percorreu andando máis de cen quilómetros na ruta cara a Santiago e douscentos en bicicleta ou a cabalo.

Con esta tendencia evidentemente positiva, e a súa relevancia na planificación turística galega, o *Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021* (Xunta de Galicia, 2015) fixa unhas directrices a favor da conservación e da protección do Camiño (cun orzamento total de 56.119.805€ e un orzamento estimado por peregrino de 70,66€). Esta ferramenta de xestión servía sobre todo en vista do *Xacobeo 21*, polo cal a estimación total era de 464.000 peregrinos, cun gasto medio diario de 44€/día e 264€/semana (Xunta de Galicia, 2015). Estas previsións xa positivas foron melloradas no *Plan estratéxico do Xacobeo* (Xunta de Galicia, 2019), segundo o cal os peregrinos previstos ían subir a 502.606. Todas esas expectativas motivaron a posta en marcha de proxectos colaterais, animando a moitos empresarios do Camiño a renovar os seus negocios (Lopez e Lois González, 2020).

Segundo consta no cuestionario previo á entrega da *Compostela*, os peregrinos poden elixir entre oito opcións de rutas (Camiño Francés, Camiño Portugués, Camiño Inglés, Vía da Prata, Camiño do Norte, Camiño Primitivo e Camiño Portugués da Costa). Ata o comezo da pandemia, o Camiño Francés era a ruta máis transitada, e por iso empezaban a manifestarse problemas relativos á súa capacidade de carga e á saturación dos albergues públicos (Fraternidad Internacional del Camino de Santiago, 2014; Martín-Duque, 2017; Porcal Gonzalo, Díez Angulo e Íñiguez de Heredia, 2012). Sempre ata o comezo da pandemia, a segunda ruta máis percorrida era unha das tres variantes do Camiño Portugués, é dicir, o Camiño Portugués da Costa, opción introducida pola Catedral en 2016. En catro anos, o número de peregrinos ao longo desta variante superou outras rutas como o Camiño do Norte, o Camiño Primitivo e o Camiño Inglés. Poderíamos, así, asumir que unha consecuencia da masificación da ruta principal é a progresiva diversificación dos itinerarios. O mesmo *Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021* (Xunta de Galicia, 2015) contempla como liña estratéxica a potenciación de todas as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela mediante a dinamización dos diferentes Camiños e a difusión dos valores de cada un deles, fomentando así a singularidade daquelas rutas pouco exploradas (Martínez Roget, Castro Domínguez e Fraiz Brea, 2018).

O éxito do Camiño, reflectido en cifras positivas ata o ano 2019, pode ter a súa clave de interpretación no seu carácter inclusivo, resumido en: 1) mercados internacionais; 2) confesións e relixións; 3) mobilidade; 4) motivacións; 5) *camiñonización*² das industrias creativas. Eses aspectos están relacionados entre eles e retroaliméntanse. Factores diferentes contribuíron á internacionalización do Camiño, como confirma a diversificación da nacionalidade dos mercados emisores (Lois González e Santos, 2015) (Figura 1). Nos últimos dez anos, apréciase un crecemento no mercado estadounidense, cuxo número de peregrinos supera as cifras dos países veciños, é dicir, Francia e Portugal (Martínez Roget et al., 2018). Tamén aumentou o número de peregrinos procedentes do Brasil, mentres que no mercado asiático Corea case duplicou a súa presenza en catro anos, pasando de 4.535 peregrinos en 2016 a 8.224 en 2019 (Táboa 1).

Esta visibilidade internacional transformou o Camiño nunha ruta multiconfesional e multirrelixiosa ao longo da cal peregrinos e turistas de distintas confesións comparten un único espazo (Lois González, 2013; Santos e Lois González, 2011). O mesmo *Plan estratéxico do Xacobeo 2021* (Xunta de Galicia, 2019) reconece a multiculturalidade do Camiño como valor estratéxico e punto de forza a partir do cal reforzar a imaxe exterior da ruta xacobeá. Ao longo desta, os non crentes poden gozar estando preto da natureza; de feito, un dos atributos máis valorados do Camiño é a paisaxe (Xunta de Galicia, 2019), grazas á cal se propicia tamén a paz espiritual (Farias et al., 2018; Moscarelli, Lopez e Lois González 2020).

Tendo en conta a complexidade do Camiño, adoptamos un dobre enfoque: mobilidade física e mobilidade “metafísica” (ou introspectiva). No que se refire á mobilidade física, esta caracterízase por ritmos lentos e finalizados ao longo do tempo (Lois González e Lopez, 2012). Para iso, os peregrinos dispoñen de distintas modalidades de desprazamento (a pé, a cabalo ou en bicicleta). A mobilidade física lenta é, á vez, consecuencia e causa da mobilidade interior e introspectiva. É consecuencia, na medida

² Esta expresión recorda o termo *caminonization*, a través do cal o antropólogo Peter Margry (2015) fai referencia á internacionalización de modelos e valores asociados ao Camiño de Santiago. Se ben o concepto definido polo antropólogo indica, en primeira instancia, as implicacións territoriais e sociais do Camiño, esta expresión tamén se emprega para indicar o “efecto Camiño” en distintas esferas da vida cultural.

en que a mobilidade introspectiva alimenta o desexo de poñerse en camiño; é causa, en canto reforza unha dimensión espiritual non só para os camiñantes espirituais senón tamén para os que peregrinan por outras motivacións, e que de forma inesperada descubren unha viaxe máis profunda (Chemin, 2011; Doi, 2011).




Figura 1. Evolución do número de peregrinos segundo as principais nacionalidades. Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Oficina do Peregrino.

Táboa 1. Datos estatísticos relativos á procedencia dos peregrinos segundo as principais nacionalidades

	España	Italia	Alemaña	Francia	Portugal	EE.UU.	Reino Unido
2009	79.007	10.341	14.789	7.459	4.854	2.540	1.700
2010	188.089	14.222	14.503	9.140	7.786	3.334	2.031
2011	97.822	12.183	16.596	8.166	8.649	3.726	2.389
2012	95.275	12.404	15.620	8.121	10.329	7.071	3.758
2013	105.891	15.621	16.203	8.305	10.698	10.125	4.207
2014	113.655	20.254	16.348	9.348	11.578	11.578	4.396
2015	122.420	22.151	18.873	9.916	12.481	13.670	5.417
2016	124.230	23.944	21.220	8.868	13.245	15.236	6.050
2017	132.479	27.073	23.227	8.835	12.940	17.522	5.768
2018	144.141	27.009	25.296	8.775	14.413	18.582	7.624
2019	146.350	28.749	26.167	9.248	17.450	20.652	9.248
	Canadá	Irlanda	Brasil	Australia	Corea	Resto do mundo	Total
2009	2.194	1.722	1.248	1.015	1.079	17.929	145.877
2010	1.877	2.296	2.121	1.191	1.455	24.090	272.135
2011	2.362	2.677	1.983	1.352	1.740	23.721	183.366
2012	2.904	3.844	2.229	1.885	2.493	26.555	192.488
2013	3.373	5.012	2.431	3.098	2.774	28.142	215.880
2014	3.576	5.022	3.272	3.792	3.842	31.322	237.983
2015	4.201	5.367	3.938	3.856	4.073	36.153	262.516
2016	4.354	6.537	4.365	4.441	4.534	40.830	277.854
2017	4.612	6.643	5.113	4.890	5.106	46.828	301.036
2018	5.027	7.548	5.601	5.220	5.665	52.477	327.378
2019	5.279	6.826	6.025	5.301	8.224	58.059	347.578

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Oficina do Peregrino.

Esa mobilidade introspectiva está relacionada con outro aspecto que contribuíu á transformación poscontemporánea do Camiño: a variedade de motivacións (Nilsson e Tesfahuney, 2019). N. L. Frey (1998) xa afirmara que, debido aos diferentes perfís de peregrinos, era difícil xeneralizar as súas motivacións. Nesta mesma liña, K. Doi (2011) recoñeceu a dificultade en caracterizar os perfís de peregrinos debido á variedade de procedencia e motivacións. Desde logo, a motivación é relevante para os estudos turísticos en canto que explica comportamentos e expectativas (Losada Sánchez, Alén González e Domínguez Vila, 2014). No caso do Camiño de Santiago, estamos ante unha situación complexa. Por un lado, varios estudos sociolóxicos e antropolóxicos adoptan os seus criterios metodolóxicos para investigar os perfís motivacionais dos peregrinos ao longo do Camiño (Chemin, 2011; Kurrant, 2019). Entre eles, C. Kurrant (2019) adopta unha metodoloxía cualitativa social para analizar os perfís a través das biografías dos peregrinos alemáns, e sinala motivacións vinculadas a unha dimensión persoal (balance de vida, crise, transición e novo comezo).

Por outro lado, existe a serie histórica producida pola Catedral, cuxas estatísticas seguen sendo referencia á hora de aproximarse ao número e ao perfil de peregrinos (aínda que cunhas limitacións). Os primeiros datos recollidos remóntanse ao ano 1989, cando o 83,5% dos peregrinos que chegou a Santiago declarou ter realizado a viaxe por motivos relixiosos, o 12,6% por motivos relixioso-culturais e só o 1,5% por motivos culturais. Vinte anos despois (en 2009), as motivacións relixiosas son indicadas polo 42,6% dos peregrinos, o 48,2% declara razóns mixtas relacionadas con motivacións relixiosas, e o 9,2% afirma ter feito o Camiño sen ningunha motivación relixiosa. En 2019³, non se rexistran cambios significativos, xa que un 48,7% indica ter feito o Camiño por motivos relixiosos e outros, un 40,3% exclusivamente relixiosos, e un 10,98% non relixiosos (Figura 2).




Figura 2. Evolución da motivación dos peregrinos. Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Oficina do Peregrino.

Se ben estas estatísticas son de interese xeral, hai unha década o Observatorio do Camiño de Santiago encargouse de definir con precisión o perfil dos peregrinos e planificar, xestionar e mellorar a oferta e a experiencia dos camiñantes. As motivacións mostradas polo Observatorio eran máis variadas en comparación coas propostas polo Arcebispado, e os datos revelaban que a maioría dos peregrinos se desprazaba cara a Compostela por unha motivación espiritual, pero non relixiosa (Centro de Estudos Turísticos [CETUR] e Xacobeo S.A., 2007-2010). Só nos Anos Santos as razóns relixiosas se aproximaban a ese valor, pero destacaban moitas outras razóns para xustificar o inicio da viaxe, como a riqueza da natureza, a paisaxe, a historia, a arte ou, simplemente, os deportes ou a diversión (Táboa 2).

No seu estudo, F. Cazaux (2011) afirma que os peregrinos definen a súa viaxe como espiritual porque deste modo establecen unha distancia coa Igrexa (cuxa historia e autoridade a miúdo se cuestionan), pero ao mesmo tempo afirman “crer en algo”. De feito, explica que se, por un lado, a relixión alude a un conxunto de regras e á submisión entendida como corolario da relixión, a definición de espiritual alude a un peregrino poscontemporáneo capaz de pór en cuestión o mundo que lle rodea. O signi-

³ Tómasse como último ano o 2019 a raíz da pandemia do 2020 e as súas consecuencias no número de peregrinos.

ficado de fe no Camiño diversificouse en épocas recentes; se ben a espiritualidade segue sendo unha das principais motivacións para percorrer o Camiño e visitar Santiago, a peregrinación xacobeá é hoxe unha ocasión de redescubrimiento dun mesmo, unha experiencia que permite vivir unha relación equilibrada coa natureza, unha forma diferente de vivir a vida social, o tempo e a contorna paisaxística (CETUR e Xacobeo S.A., 2007-2010; Lois González, Castro Fernández e Lopez, 2016; Moscarelli et al., 2020). O paso da relixiosidade á espiritualidade e a importancia cada vez maior da dimensión espiritual reforzan o carácter inclusivo do Camiño e, desde o punto de vista económico, permiten abrir novos horizontes de mercado.

Táboa 2. Principais motivos para facer o Camiño

	2007 (%)	2008 (%)	2009 (%)	2010 (%)
Patrimonio histórico-artístico	25,8	25,0	23,9	21,2
Patrimonio natural	39,3	33,7	36,0	31,3
Motivación espiritual	50,3	53,1	49,4	48,5
Motivación relixiosa	38,1	38,3	39,5	47,6
Cultura popular	16,2	15,7	14,6	14,7
Deporte	22,8	19,8	20,8	19,7
Diversión	17,1	14,8	19,2	17,1
Outro	7,2	8,0	9,0	8,8

Fonte: elaboración propia a partir dos datos de CETUR e Xacobeo S.A. (2007-2010).

Recentemente, publicáronse os resultados do proxecto *El impacto del Covid-19 en el perfil del peregrino*, coordinado por D. Riveiro García (2021). Entre os distintos cambios no perfil do peregrino que os investigadores destacaron, sinalamos aquí o aspecto motivacional, pois parece confirmarse a tendencia á baixa da motivación relixiosa, xunto a unha redución do carácter espiritual e experiencial do Camiño. Os peregrinos entrevistados responden máis a un perfil lúdico, facendo do Camiño unha alternativa vacacional con ampla oferta de recursos e ao aire libre. De feito, a principal motivación para facer o Camiño son a arte e a cultura, seguidos por vacacións e turismo.

Efectivamente, ao longo do Camiño ofrécese unha lectura renovada das antigas obrigas de visitar igrexas e mosteiros, que se converteron en recursos para o turismo cultural e patrimonial. A oferta do Camiño é variada, sobre todo desde que, nos últimos anos, se lle recoñecesen valores asociados ao gozo de paisaxes e de elementos medioambientais que axudan á saúde física e espiritual (Lois González e Santos, 2015; Milani, 2001; Sobrino e López, 2006; Santos e Lois González, 2011). A tal propósito, as paisaxes do Camiño están asumindo o carácter de *paisaxes terapéuticas*, nas cales ambiente físico e construído, condicións sociais e percepcións humanas producen unha atmosfera propicia para a curación (Gesler, 1996). Esta reinterpretación pode axudar a comprender a práctica de continuar ata Fisterra como expresión dun “pluralismo espiritual”, xa que estes camiñantes reforzan o carácter individual da espiritualidade poscontemporánea, desvinculada do poder da Igrexa Católica (a ruta non está recoñecida oficialmente pola Igrexa) (Margry, 2015).

Non menos importante é o feito de que o Camiño se convertera nun tema crecente nas industrias creativas, incluída a literatura, o cine e as artes, en resposta á tendencia á especialización nas artes e nas humanidades (Lopez e Lois González, 2020). Encantos, emocións, medos e sucesos inspiran ao peregrino, sexa escritor, artista ou debuxante, que aproveita eses tipos de espazos para compartir a súa xeografía persoal co seu público (Lopez, 2020). Motivacións e actitudes poscontemporáneas están contribuindo a facer do Camiño un *Leitmotiv* das industrias creativas e, ao mesmo tempo, producen novas formas de explorar e de achegarse á dimensión subxectiva dos peregrinos.

As resultantes combinacións destes cinco factores responsables da inclusividade do Camiño crean un espazo internacional e multiconfesional, no cal peregrinos e turistas interactúan para co-crear unha identidade e unha personalidade da ruta e reforzar a hipermobilidade que a pandemia global da COVID-19 detivo abruptamente.

4. A nova normalidade do Camiño de Santiago

A crise sanitaria e económica xerou un frenesí na planificación turística, pois foi necesario actualizar medidas e estratexias de xestión e dar respostas á urxencia de planificar o futuro da economía do turismo, lonxe de prácticas e realidades pasadas que causaron *overtourism*, xentrificación e, evidentemente, a dependencia do turismo (UNWTO, 2020). Por iso, confiouse moito neste momento de cambio para mirar cara a un posible decrecemento turístico (Fletcher, Murray, Blázquez-Salom e Blanco Romero, 2020; Harvey, 2020).

Despois de máis dun ano desde a explosión desta crise, convivimos con medos e incertezas, tentando facer un balance do pasado para sacar algún ensino útil que nos permita facer previsións a curto, medio e longo prazo (Febrero Paños e Bermejo Patón, 2021). En pleno *Ano Xacobeo 2021-2022*, considerado como oportunidade para a dinamización económica galega (sobre todo para o rural), polo cal se prevía un crecemento do Produto Interior Bruto (PIB) galego dun 0,9% e a creación de 11.500 empregos a tempo completo (Xunta de Galicia, 2019), hai que convivir cunha realidade económica complicada e incerta.

O informe *Previsións de impacto do COVID-19 no sector turístico galego* (Clúster Turismo de Galicia, 2020), publicado en abril de 2020, analiza unha primeira caracterización da demanda turística: limitacións legais á libre circulación, dependencia a curto prazo do turismo de proximidade, crise de confianza e medo a viaxar, coa consecuenta redución de conexións internacionais, anunciando así novos hábitos de consumo. No caso do Camiño, o primeiro e o principal problema foi a progresiva desaparición de peregrinos, xa que, como consecuencia do peche durante os meses de abril e maio de 2020, non se rexistrou ningún peregrino recollendo a súa *Compostela* e interrompeuse a serie histórica da Oficina do Peregrino. Segundo o xa mencionado informe (Clúster Turismo de Galicia, 2020), nun escenario post-COVID 2020, é dicir, co levantamento do confinamento desde finais de abril ou comezos de maio, e coa recuperación do mercado doméstico, as chegadas alcanzarían ao redor de 131.062 peregrinos, pero a realidade foi máis dura e os peregrinos que, finalmente, recolleron a súa *Compostela* no ano 2020 foron 53.905 (Oficina do Peregrino).

O peche do Camiño e a progresiva desaparición do peregrino tiveron os seus impactos na “microeconomía do Camiño”, é dicir, naquel conxunto de actividades económicas que floreceron grazas á ruta xacobeá, aproveitando un comportamento de consumo baseado en bens e servizos locais e xerando procesos virtuosos para a economía local (Martínez Roget et al., 2018); unha microeconomía *camiñeira* que redistribúe riqueza ao longo da ruta e que contribúe a crear postos de traballo en actividades tradicionais, como aloxamento e manutención, xunto a outras actividades emerxentes máis ben vinculadas á loxística e ao transporte. De feito, a creación destes empregos estaba a xerar impactos socioeconómicos positivos. No seu estudo, M. Fernández Fernández, D. Fernández Méndez e D. Riveiro García (2021) analizan o efecto multiplicador do Camiño na creación de postos de traballos directos e indirectos.

Entre as actividades símbolos do Camiño están os albergues (públicos e privados), lugares de encontro e de condición. O *Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021* (Xunta de Galicia, 2015) defende o impulso á creación de novos albergues en zonas onde a oferta privada sexa escasa ou nula. Os albergues viron perigar a súa supervivencia por mor da COVID-19, sobre todo nos casos de albergues rehabilitados e reformados baixo a expectativa do escenario positivo do *Xacobeo 2021-2022*. Para aqueles que decidiron reabrir, sexa a finais de xuño de 2020 (para os poucos peregrinos que quedaron “atrapados no Camiño”) ou nos meses sucesivos, foi necesario adaptarse ás indicacións sanitarias, sendo a primeira delas o respecto do distanciamento social e, en segundo lugar, a obriga de reducir a capacidade de aloxamento, facendo máis difícil a súa supervivencia polos custos de adaptación (Figura 3). A esas medidas, hai que sumar outro concepto nos orzamentos de xestión: os custos derivados das medidas de limpeza e hixiene. A tal fin, a Federación Española de Amigos do Camiño (FEAACS, 2020) informou de que o sector dos albergues requiría a colaboración de institucións públicas e un paquete de medidas específicas para manter a súa viabilidade.

Precisamente para lle facer fronte á crise do sector, en maio de 2020 a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia fai público un *Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19* (Xunta de Galicia, 2020), dotado dun investimento de 26,8 millóns de euros repartidos como segue: 10,2 millóns para o sector cultural, 11 millóns para o sector

turístico, reforzados con 5,6 millóns de euros a través de medidas transversais enmarcadas no *Xacobeo 2021-2022*. Tamén pon en marcha o programa *Camiño Seguro*, co obxectivo de promover unha peregrinación adaptada á situación sanitaria a través dun protocolo integral de actuación nos itinerarios xacobeos en Galicia. Como indica na súa páxina web (<https://www.caminodesantiago.gal/es/caminoseguro>), o programa inclúe medidas como as seguintes: limitacións de aforamento de entre 50% e 75%, elaboración de guías e manuais de apoio, formación para máis de 300 *albergueiros*, axudas para a adaptación dos establecementos ás medidas hixiénico-sanitarias, servizo de asesoramento para os negocios e un novo sistema *online* de reservas de albergues. O desenvolvemento de novas plataformas tecnolóxicas é importante para facilitar as reservas nos albergues, informando en todo momento aos peregrinos das prazas dispoñibles. De cara ao futuro, esta práctica podería levar a fomentar dinámicas de colaboración a diferentes escalas para detectar posibles necesidades no trazado. En definitiva, o éxito deste programa depende da capacidade de establecer a máxima coordinación entre os distintos organismos xestores interesados na reactivación da peregrinación xacoba.

MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN DE PEREGRINOS

Manter as *medidas de distanciamento social* tanto no Camiño como ao atravesar núcleos poboados e nos albergues.
Extremar a hixiene persoal, co uso frecuente de xabón de mans e *solución hidroalcohólica* despois de tocar superficies susceptibles de transmitir o virus.

PREVENCIÓN NOS ALBERGUES

Equipamentos, exterior, acceso, rexistro, dormitorio, zonas comúns, etc.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA O PERSOAL E OS HOSPITALEIROS

Evitar o saúdo con contacto físico, desinfectar.
Non compartir equipos de traballo, usar EPI, etc.

Figura 3. Medidas de prevención presentadas polos municipios do Camiño. Fonte: *Protocolo de actuación para os albergues de peregrinos ante a COVID-19* e elaboración propia.

5. O futuro pospandemia do Camiño (reflexións e perspectivas)

Quizais aprendemos que non existen fórmulas máxicas ou algoritmos que poidan xerar gráficas da evolución dos fluxos de peregrinos, e, por tanto, as previsións estatísticas parecen pouco acertadas. Ademais, tamén aprendemos que existen diferentes escenarios (a curto, medio e longo prazo) que debuxan unha realidade diferente.

5.1. A hipermobilidade e a humanidade do Camiño, volverán ser as mesmas?

A mobilidade é consecuencia da distancia que, no caso da peregrinaxe, se distingue en psicolóxica ou absoluta. No ano 1970, o xeógrafo Waldo Tobler afirmou que: “todas as cousas están relacionadas entre si, pero as cousas máis próximas no espazo teñen unha relación maior que as distantes” (Tobler, 1970, p. 236). A partir desta lei, a interacción entre os lugares debería perder intensidade ao aumentar a distancia (*distance decay*). No caso das relacións espaciais das peregrinacións, a *distance decay* perde o seu valor (Stoddard e Morinis, 1997) e trátase a distancia tamén desde un punto de vista relativo e psicolóxico, que pode mesmo chegar a reforzar o desexo de peregrinar. De feito, a distancia dun lugar sacro determina o comportamento do fiel e as relacións territoriais. Por exemplo, no imaxinario cristián as peregrinacións que comportan un desprazamento máis longo son tamén as peregrinacións que

máis “recompensan”; esta imaxe positiva da distancia fúndase nas dificultades e ameazas que se lle adoita atribuír.

Os datos referidos á procedencia dos peregrinos revelan unha contracción dos mercados intercontinentais. Por exemplo, o total de peregrinos estadounidenses chegados durante o 2020 foi de 438, e 343 no caso do Brasil. As restricións á mobilidade debuxan unha realidade formada por peregrinos españois (36.965), seguidos por peregrinos portugueses (2.949), e o mercado italiano mantén o terceiro lugar (2.694), como pasaba antes da pandemia (Oficina do Peregrino, 2021) (Táboa 3). A escala europea, reduciuse o número de peregrinos ao longo dos itinerarios transfronteirizos (Camiño de Santiago, Via Francígena, etcétera), posto que os peregrinos optaron por itinerarios máis ben locais e nacionais (Mróz, 2021). Quizais, tamén a medio prazo haberá máis peregrinos europeos que asiáticos ou americanos, pero iso non significa que o Camiño non volva ser o paradigma da mobilidade, física e metafísica. Como no pasado, o peregrino poderá volver ser o auténtico protagonista da recuperación do Camiño.

Táboa 3. Datos estatísticos relativos á procedencia dos peregrinos segundo as principais nacionalidades en 2020

	España	Italia	Alemaña	Francia	Portugal	Estados Unidos	Reino Unido
Xaneiro	658	173	98	40	79	72	28
Febreiro	1.142	164	183	37	466	70	38
Marzo	801	52	201	30	94	76	31
Abril	-	-	-	-	-	-	-
Maio	-	-	-	-	-	-	-
Xuño	11						
Xullo	7.859	321	336	161	303	43	63
Agosto	15.168	1.203	642	428	732	84	134
Setembro	7.275	411	479	336	662	41	136
Outubro	3.825	311	330	386	590	51	116
Novembro	181	58	50	95	18		25
Decembro	45	1	6	10	5	1	2
Total	36.965	2.694	2.325	1.523	2.949	438	573
	Canadá	Irlanda	Brasil	Australia	Corea	Resto do mundo	Total
Xaneiro	15	14	60	34	364	364	1.999
Febreiro	36	68	49	16	394	413	3.076
Marzo	-	46	26	-	69	284	1.710
Abril	-	-	-	-	-	-	-
Maio	-	-	-	-	-	-	-
Xuño						1	12
Xullo			24	-	-	642	9.752
Agosto		44	65	-	-	1.312	19.812
Setembro		29	69	-	-	1.003	10.441
Outubro	37	26	39	-	-	707	6.418
Novembro	6	8	10	5	5	125	586
Decembro			1	1	8	19	99
Total	94	235	343	56	840	4.870	53.905

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Oficina do Peregrino.

Ademais dos peregrinos, outro colectivo que é parte da humanidade do Camiño está representado polos *hospitaleiros*, cuxos perfís tamén están en risco, primeiro se se ten en conta o seu carácter internacional, e en segundo lugar poque entre eles tamén hai persoas maiores, ás cales se lles desaconsella pórse en camiño por razóns de saúde. Así que a curto e a medio prazo o seu perfil podería verse afectado e sufrir algunhas modificacións. Desde logo, a cuestión da idade concirne a todos os peregrinos, xa que nos meses de verán de 2020 a porcentaxe de camiñantes con máis de 60 anos é inferior con respecto aos anos anteriores (Oficina do Peregrino, 2020). Esta variación débese a unha maior sensibilidade e a un aumento de riscos e complicacións no caso de contraer a infección por COVID-19.

5.2. Que impactos poderá ter o distanciamento social nas relacións sociais ao longo do Camiño?

Tendo en conta as medidas de prevención ao contaxio impostas polas institucións (reflectidas en normativas e protocolos de actuación) e os trazos do Camiño, na Figura 4 avanzamos uns posibles efectos do distanciamento social en dúas dimensións do Camiño: as relacións sociais, e a reflexión e introspección. O distanciamento afecta ás relacións sociais na medida en que se impuxeron limitacións aos espazos comúns nos albergues e se reduciron os contactos sociais ao longo do Camiño. O resultado destas restricións é “menos *communitas*”, é dicir, menos cohesión social. O concepto de *communitas* foi elaborado por V. Turner e E. Turner (1978) para referirse ao sentido de cohesión dunha sociedade relixiosa, tamén garantida pola lexitimización das institucións e polos produtos culturais. Ao longo destes anos, este concepto sufriu una certa secularización, como moitos outros aspectos relixiosos, ata ser concibido como unha interacción social que o ser humano necesita para tentar construír a súa subxectividade e encher os seus baleiros interiores. Evidentemente, non existe *communitas* se non hai interacción; por tanto, a curto prazo quizais este aspecto resulte prexudicado, pero sendo a dimensión social un dos elementos mellor apreciados do Camiño, non tardará en recuperarse. Doutra banda, este distanciamento forzoso pode significar máis tempo para estar só e, xa que logo, para pensar e atoparse, favorecendo así outro tipo de experiencia característica do Camiño: a introspección. De feito, un dos atractivos do Camiño é o “tempo”, que os peregrinos aprenden a recuperar e a valorar por estar lonxe dos ritmos acelerados da vida cotiá.



Figura 4. Posibles efectos do distanciamento social. Fonte: elaboración propia.

5.3. O Camiño, volverá ser o mesmo ou sufrirá unha “metamorfose”?

A mobilidade é unha peculiaridade da dimensión interior do peregrino poscontemporáneo (Coleman e Eade, 2004), convertendo a peregrinaxe en modelo de mobilidade transnacional (cos diferentes impactos que isto poida ter). O 21 de xuño de 2020 declárase o cesamento do estado de alarma en España e o 1 de xullo de 2020 reábrese oficialmente o Camiño de Santiago. A partir deste momento, empeza unha lenta e progresiva reaparición dos peregrinos. Ademais das limitacións hixiénico-sanitarias que introduciron cambios no mundo da peregrinación, e da procedencia dos peregrinos, atendendo ás fontes estatísticas da Oficina do Peregrino, outros cambios asómanse no Camiño. En primeiro lugar,

como xa se indicou, desde o punto de vista socio-demográfico no verán de 2020 diminúe o número de peregrinos con máis de 60 anos, e en segundo lugar, entre os peregrinos que terminan o seu Camiño nos meses de xullo, agosto e setembro de 2020 diminúe a motivación relixiosa. Este cambio pode xustificarse por cousa dos valores poscontemporáneos asociados ao peregrino nestes inicios do século XXI; é dicir, ansia por camiñar e por reafirmarse (Lorimer, 2011). Ademais, contextualizando eses aspectos a un momento histórico pospandemia, o Camiño volverá ser unha ocasión para saír, camiñar e estar en contacto coa natureza e recuperar aquela liberdade de movemento que a pandemia limitou. Esta recuperación poderá ser pautada e dependerá da distancia e da procedencia dos camiñantes. O Camiño ofrece a posibilidade de escapar da masificación e de gozar dos diferentes recursos da contorna natural (Galvani, Lew e Sotelo Pérez, 2020). Quizais será precisamente a motivación holística a que dominará nos próximos anos.

Outro aspecto que habería que ter en consideración para entender o futuro do Camiño reside nunha das primeiras definicións de peregrinaxe, orixinariamente considerada unha *quest*, é dicir, unha viaxe espiritual que comporta a procura de si mesmo (Morinis, 1992; Osterrieth, 1997; Turner e Turner, 1978). Ao final da *quest*, prodúcese unha nova identidade ou un novo status; por iso, a experiencia peregrinatoria non termina coa chegada ao destino ou coa volta a casa, porque é unha experiencia espiritual que afecta á percepción do mundo, leva a profundas experiencias interiores e estimula a repensar o pasado e a ter unha visión renovada do futuro (Frey, 1998). O “peregrino de mañá” necesitará esta *quest* e este momento catártico, por iso poderá atopar no Camiño unha resposta ás súas inquietudes. Polo tanto, a ruta xacobeá ten os requisitos de “ruta de terapia possecular”, e quizais “posCOVID”. Segundo L. Mikaelsson (2012), a ruta terapéutica está constituída por dous elementos: o primeiro é a comprensión de feridas persoais (como divorcio, morte, perda do traballo, etc.), o segundo elemento consiste en experiencias de renovación ou transformación. Ambos os elementos converxen neste momento histórico, que pode facer do Camiño un exemplo de terapia gradual que traia beneficios para a curación física, mental e espiritual. Para tal propósito, non hai que esquecer o xa mencionado auxe do Camiño cara a Fisterra, e que podería renovarse xa que conta coa experiencia doutra paisaxe: a paisaxe marítima (e a auga como elemento catártico). A paisaxe encantadora de Fisterra e o propio nome da Costa da Morte están acompañados dun gran simbolismo que xorde dunha localización nunha das rexións máis occidentais de Europa, e enlazan cunha rica tradición de mitos e lendas (Alonso, 2002; Blom et al., 2016; Sánchez-Carretero, 2015). Ata o 2019, os peregrinos continuaban ata a fin do mundo porque querían regresar á natureza (lonxe da aglomeración urbana de Santiago). Na actualidade, chegar cara ao océano recuperaría o seu significado catártico e ancestral. A rexeneración espiritual é unha expectativa dos peregrinos que, cumprindo antigos rituais asociados ao lume e á auga, darían un paso máis cara á conceptualización da espiritualidade poscontemporánea (Margry, 2015).

6. Conclusións

A crise causada pola COVID-19 ofrece a oportunidade de establecer prioridades e direccións necesarias para apostar por un desenvolvemento futuro equilibrado, restablecer a visión do futuro a curto e a medio prazo, e revisar activamente estudos e informes anteriores sobre prácticas turísticas insustentables para evitar a súa repetición; en definitiva, debería ensinar a facer as cousas en virtude de novos valores, como a equidade, a ética, a inclusión, a sustentabilidade, a responsabilidade, a xustiza social e ambiental e, especialmente, a resiliencia (Benjamin et al., 2020; Edelman, 2020; Fletcher et al., 2020; Gössling et al., 2021; Higgins-Desbiolles, 2020; UNWTO, 2020). As ondas de pandemia mostran a continuidade dos efectos en diferentes sectores da vida económica, social e cultural, e con iso nos comportamentos da poboación (Mróz, 2021; Oxholm et al., 2020). Tendo en conta que o Camiño ofrece unha forma alternativa de viaxe sustentable, lonxe dos centros concorridos e en pleno contacto co rural, este volverá estar de moda, reconfirmando esquemas de consumo plurais e transversais.

As motivacións do peregrino parecen adecuarse (e actualizarse) segundo o momento histórico e cultural, interpretando así os paradigmas de novas correntes relixiosas, espirituais e seculares (Farias et al., 2018; Moscarelli et al., 2020; Possamai, 2003). Por mor do vivido neses meses, as motivacións poderán ser cada vez máis diversas, e quizais aparecerá algunha motivación especificamente relacionada cunha “terapia pospandemia”, baseada no contacto coa natureza e co aire libre. O Camiño volverá

ser unha modalidade de redescubrimento da natureza da man do gozo de diferentes recursos ao longo da ruta, ampliando así a súa xa variada oferta e aumentando as dificultades en recoñecer os límites entre peregrinos ou turistas, e con iso a caracterización dun perfil cada vez máis complexo. Todo isto requirirá unha xestión e planificación da ruta que estableza prioridades para garantir un desenvolvemento sustentable. Será necesaria a máxima coordinación entre os distintos organismos xestores, sen esquecer que a recuperación da mobilidade ao longo do Camiño pode contribuír á recuperación das economías locais.

Os plans de xestión mencionados ao longo do texto confirman o interese na planificación do Camiño. Os seus xestores teñen unha responsabilidade non só local, senón tamén internacional. En canto ao seu modelo de xestión de bioseguridade, podería servir de exemplo para outros itinerarios. Así como no pasado o Camiño foi un *benchmark* na planificación e xestión territorial dun itinerario cultural, poderá volver selo no futuro, pois o Camiño acolle numerosos peregrinos e por iso todo o mundo o mira para aprender.

Desde hai uns meses empezaron diferentes campañas de vacinación, pero o clima de incerteza segue imperando no escenario internacional. Empezou unha loita xeopolítica precisamente asociada ás vacinas que, xunto á evolución económica, será a principal responsable de determinar o rumbo dos desprazamentos internacionais. Por tanto, tendo en conta a data de finalización deste traballo (7 de xuño de 2021), apostamos por continuar a monitorizar o desenvolvemento da pandemia COVID-19 ao longo do Camiño, atendendo aos perfís sociodemográficos e motivacionais dos peregrinos, para valorar que papel vai desempeñar este tanto en termos socioeconómicos como en termos terapéuticos.

Autoría do traballo

Conceptualización, L.L. e R.C.L.G.; metodoloxía, L.L.; adquisición de datos, L.L. e R.C.L.G.; análise e interpretación, L.L.; redacción e preparación do borrador, L.L.; redacción, revisión e edición, L.L. e R.C.L.G. Todos os autores leron e están de acordo coa versión publicada do manuscrito.

Bibliografía

- Alonso, F. (2002). *Historias, leyendas y creencias de Finisterre*. Betanzos: Briga.
- Apollo, M., Wengel, Y., Schänzel, H., e Musa, G. (2020). Hinduism, ecological conservation and public health: What are the health hazards for religious tourists at hindu temples? *Religions*, 11(8), 416.
DOI: <https://doi.org/10.3390/rel11080416>
- Benjamin, S., Dillette, A., e Alderman, D. H. (2020). "We can't return to normal": Committing to tourism equity in the post-pandemic age. *Tourism Geographies*, 22(3), 476-483.
DOI: <https://doi.org/10.1080/14616688.2020.1759130>
- Blom, T., Nilsson, M., e Santos, X. M. (2016). The Way to Santiago beyond Santiago. Fistera and the pilgrimage's post-secular meaning. *European Journal of Tourism Research*, 12, 133-146.
Recuperado de: <https://ejtr.vumk.eu/index.php/about/article/view/217>
- Cazaux, F. (2011). To be a pilgrim: A contested identity on Saint James' Way. *Tourism. Original Scientific Papers*, 59(3), 353-367. Recuperado de: <https://hrcak.srce.hr/74038>
- CETUR, e Xacobeo S.A. (2007-2010). *Observatorio Estadístico do Camiño de Santiago 2007, 2008, 2009 e 2010*. Santiago de Compostela: Centro de Estudos Turísticos / Xunta de Galicia.
- Chemin, E. (2011). *Pilgrimage in a secular age: Religious & consumer landscapes of late modernity*. (Unpublished doctoral thesis). University of Exeter. Recuperado de: <http://hdl.handle.net/10036/3672>
- Clúster Turismo de Galicia. (2020). *Revisións de impacto do Covid-19 no sector turístico gallego*. Santiago de Compostela: Clúster Turismo de Galicia. Recuperado de: https://clusterturismogalicia.com/wp-content/uploads/2020/04/2020_04_14_Previsión_COVID_v4_FINAL.pdf
- Cohen, E. (1992). Pilgrimage and tourism: Convergence and divergence. En A. Morinis (Ed.), *Sacred journeys. The anthropology of pilgrimage* (pp. 47-61). Westport, CT: Greenwood Press.
- Coleman, S., e Eade, J. (2004). *Reframing pilgrimage. Cultures in motion*. London, UK/New York, NY: Routledge.
- Collins-Kreiner, N. (2010). The geography of pilgrimage and tourism: Transformations and implications for applied geography. *Applied Geography*, 30(1), 153-164. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.apgeog.2009.02.001>

- Collins-Kreiner, N. (2015). Dark tourism as/is pilgrimage. *Current Issues in Tourism*, 19(12), 1185-1189.
DOI: <https://doi.org/10.1080/13683500.2015.1078299>
- Creswell, J.W. (1998). *Qualitative research inquiry and research design. Choosing among five traditions*. Thousand Oaks, CA: Sage.
- Creswell, J. W. (2014). *Research design: qualitative, quantitative and mixed methods approaches*. Los Angeles, CA: Sage.
- Denzin, N.K., e Lincoln, Y.S. (2018). *The sage handbook of qualitative research*. Los Angeles, CA/London, UK: Sage.
- Digance, J. (2003). Pilgrimage at contested sites. *Annals of Tourism Research*, 30(1), 143-159.
DOI: [https://doi.org/10.1016/S0160-7383\(02\)00028-2](https://doi.org/10.1016/S0160-7383(02)00028-2)
- Doi, K. (2011). Onto emerging ground: Anticlimactic movement on the Camino de Santiago de Compostela. *Tourism. Original Scientific Papers*, 59(3), 271-285. Recuperado de: <https://hrcak.srce.hr/74033>
- Eade, J., e Sallnow, M. (1991). *Contesting the sacred. The anthropology of christian pilgrimage*. London, UK/New York, NY: Routledge.
- Edelheim, J. (2020). How should tourism education values be transformed after 2020? *Tourism Geographies*, 22(3), 547-554. DOI: <https://doi.org/10.1080/14616688.2020.1760927>
- Farias, M., Coleman, T. J., Bartlett, J. E., Oviedo, L., Soares, P., Santos, T., e Bas, M. C. (2018). Atheists on the Santiago Way: Examining motivations to go on pilgrimage. *Sociology of Religion*, 80(1), 28-44.
DOI: <https://doi.org/10.1093/socrel/sry019>
- FEAACS. (2020). *Toca repensar el Camino de Santiago*. Logroño: Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago. Recuperado de: <https://www.caminosantiago.org/cpperegrino/prensa/verprensa.asp?PrensaID=15157&fbclid=IwAR0qFQ4iYteR6yN3Q6PFwi0w5bT4p6HGVki2e2gKFSpytdruxWuVCvJsl8c>.
- Febrero Paños, E., e Bermejo Patón, F. (2021). Estimating the impact of COVID-19 on the Spanish economy with input-output analysis. *Revista Galega de Economía*, 30(1), 1-19.
DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/rge.30.1.7105>
- Fernández Fernández, M., Fernández Méndez, D., e Riveiro García, D. (2021). El impacto del Camino de Santiago a escala local: la percepción de los residentes de dos municipios gallego. *Cuadernos de Turismo*, 47, 37-63.
DOI: <https://doi.org/10.6018/turismo.474001>
- Fletcher, R., Murray Mas, I., Blázquez-Salom, M., e Blanco-Romero, A. (2020). *Tourism, degrowth, and the COVID-19 crisis*. POLLEN Political Ecology Network. Recuperado de: <https://politicalecologynetwork.org/2020/03/24/tourism-degrowth-and-the-covid-19-crisis>
- Fraternidad Internacional del Camino de Santiago. (2014). Manifiesto de Villafranca del Bierzo. *I Foro Internacional "El Legado de Elías Valiña"*. Villafranca del Bierzo. 14 de diciembre de 2014. Santiago de Compostela: Fraternidad Internacional del Camino de Santiago.
Recuperado de: http://www.xacobeo.fr/ZF1.05.gest_Villafranca-2014_es.pdf
- Frey, N. L. (1998). *Pilgrim stories: On and off the road to Santiago*. Berkeley, CA/London, UK: University of California Press.
- Friedman, T. L. (17 de marzo de 2020). Our new historical divide: B.C. and A.C.– The world before corona and the world after. Here are some trends to watch. *The New York Times*.
Recuperado de: <https://www.nytimes.com/2020/03/17/opinion/coronavirus-trends.html>
- Galvani, A., Lew, A. A., e Sotelo Pérez, M. (2020). COVID-19 is expanding global consciousness and the sustainability of travel and tourism. *Tourism Geographies*, 22(3), 567-576.
DOI: <https://doi.org/10.1080/14616688.2020.1760924>
- Gesler, W. (1996). Lourdes: Healing in a place of pilgrimage. *Health and Place*, 2(2), 95-105.
DOI: [https://doi.org/10.1016/1353-8292\(96\)00004-4](https://doi.org/10.1016/1353-8292(96)00004-4)
- Gössling, S., Scott, D., e Hall, C. M. (2021). Pandemics, tourism and global change: a rapid assessment of COVID-19. *Journal of Sustainable Tourism*, 29(1), 1-20. DOI: <https://doi.org/10.1080/09669582.2020.1758708>
- Harvey, D. (19 de marzo de 2020). Anti-capitalist politics in the time of COVID-19. *David Harvey The Anti-Capitalist Chronicles*.
Recuperado de: <http://davidharvey.org/2020/03/anti-capitalist-politics-in-the-time-of-covid-19/>
- Higgins-Desbiolles, F. (2020). Socialising tourism for social and ecological justice after COVID-19. *Tourism Geographies*, 22(3), 610-623. DOI: <https://doi.org/10.1080/14616688.2020.1757748>
- Kurrant, C. (2019). Biographical motivations of pilgrims on the Camino de Santiago. *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*, 7(2), 3. DOI: <https://doi.org/10.21427/06p1-9w68>
- Lois González, R.C. (2013). The Camino de Santiago and its contemporary renewal: Pilgrims, tourists and territorial identities. *Culture and Religion*, 14(1), 8-22. DOI: <https://doi.org/10.1080/14755610.2012.756406>
- Lois González, R. C., Castro Fernández, B. M., e Lopez, L. (2016). From sacred place to monumental space: The mobility along the way to St. James. *Mobilities*, 11(5), 770-788.
DOI: <https://doi.org/10.1080/17450101.2015.1080528>

- Lois González, R. C., e Lopez, L. (2012). El Camino de Santiago: una aproximación a su carácter polisémico desde la geografía cultural y el turismo. *Documents d'Anàlisi Geogràfica*, 58(3), 459-479.
DOI: <https://doi.org/10.5565/rev/dag.6>
- Lois González, R. C., e Santos, X. M. (2015). Tourists and pilgrims on their way to Santiago. Motives, caminos and final destinations. *Journal of Tourism and Cultural Change*, 13(2), 149-164.
DOI: <https://doi.org/10.1080/14766825.2014.918985>
- Lopez, L. (2020). Representing and performing pilgrimage in a comic book: On the Camino. *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*, 8(5), 4.
Recuperado de: <https://arrow.tudublin.ie/cgi/viewcontent.cgi?article=1407&context=ijrtp>
- Lopez, L., e Lois González, R. C. (2020). New tourism dynamics along the Way of St. James. From undertourism and overtourism to the post-COVID-19 era. En G. X. Pons, A. Blanco-Romero, R. Navalón-García, L. Troitño-Torralba e M. Blázquez-Salom (Eds.), *Sostenibilidad turística: overtourism vs undertourism*. Mon. Soc. Hist. Nat. Balears, 31. (pp. 541-552). Palma de Mallorca: Societat d'Història Natural de les Balears.
Recuperado de: https://www.ucm.es/geoturis/file/sostenibilidad-turistica-tot_mendoza?ver
- Lorimer, H. (2011). Walking: New forms and spaces for studies of pedestrian. In T. Cresswell e P. Merriman (Eds.), *Geographies of mobilities: Practices, spaces, subjects* (pp. 19-35). Farham, UK: Ashgate.
- Losada Sánchez, M. N., Alén González, M. E., e Domínguez Vila, T. (2014). Aproximación ao perfil e ao comportamento do turista senior. *Revista Galega de Economía*, 23(2), 69-90.
DOI: <https://doi.org/10.15304/rge.23.2.2483>
- Margry, P. J. (2015). To be or not to be... A pilgrim. Spiritual pluralism along the Camino Finisterre and the urge for the end. En C. Sánchez-Carretero (Ed.), *Heritage, pilgrimage and the Camino to Finisterre. Walking to the end of the world* (pp. 175-211). Heidelberg, Germany/New York, NY/Dordrecht, Netherlands/London, UK: Springer.
- Martínez Roget, F., Castro Domínguez, M. N., e Fraiz Brea, J. A. (2018). O turismo como fonte de riqueza en Galicia: análise dalgunhas experiencias. *Revista Galega de Economía*, 27(3), 65-80.
DOI: <https://doi.org/10.15304/rge.27.3.5437>
- Martín-Duque, C. (2017). Los impactos del turismo en el Camino de Santiago Francés: una aproximación cualitativa. *Methados. Revista de Ciencias Sociales*, 5(1), 62-73. DOI: <https://doi.org/10.17502/m.rcs.v5i1.155>
- Mason, J. (1996). *Qualitative Researching*. Thousand Oaks, CA: Sage.
- Mikaelsson, L. (2012). Pilgrimage as post-secular therapy. *Scripta Instituti Donneriani Aboensis*, 24.
DOI: <https://doi.org/10.30674/scripta.67418>
- Milani, R. (2001). *L'arte del paesaggio*. Padova, Italia: Il Mulino.
- Morinis, A. (1992). *Sacred journeys. The anthropology of pilgrimage*. Westport, CT: Greenwood Press.
- Moscarelli, R., Lopez, L., e Lois González, R. C. (2020). Who is interested in developing the Way of Saint James? The pilgrimage from faith to tourism. *Religions*, 11(1), 24. DOI: <https://doi.org/10.3390/rel11010024>
- Mróz, F. (2021). The impact of COVID-19 on pilgrimages and religious. Tourism in Europe during the first six months of the pandemic. *Journal of Religious Health*, 60, 625-645.
DOI: <https://doi.org/10.1007/s10943-021-01201-0>
- Nilsson, M., e Tesfahuney, M. (2019). Pilgrimage mobilities: a de Certeauian perspective. *Geografiska Annaler: Series B, Human Geography*, 101(3), 219-230. DOI: <https://doi.org/10.1080/04353684.2019.1658535>
- Oficina del Peregrino. (2009-2020). *Informes estadísticos 2009-2020*. Santiago de Compostela: Oficina del Peregrino. Recuperado de: www.archicompostela.org.
- Osterrieth, A. (1997). Pilgrimage, travel and existential quest. En R. H. Stoddard e A. Morinis (Eds.), *Sacred places, sacred spaces. The geography of pilgrimage* (pp. 25-39). Baton Rouge, LA: Geoscience.
- Oxholm, T., Rivera, C., Schirrmann, K., e Hoverd, W. J. (2020). New Zealand religious community responses to COVID-19 while under level 4 lockdown. *Journal of Religion and Health*, 60, 16-33.
DOI: <https://doi.org/10.1007/s10943-020-01110-8>
- Patton, M. (2002). *Qualitative research and evaluation methods* (3rd ed.). Thousand Oaks, CA: Sage.
- Porcal Gonzalo, M. C., Díez Angulo, A., e ñíguez de Heredia, J. J. (2012). Dimensión territorial y turística de la ruta norte del Camino de Santiago en el País Vasco: distintas concepciones, valoraciones y propuestas de intervención sobre un fenómeno multifacético. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 58, 177-204.
DOI: <https://doi.org/10.21138/bage.2064>
- Possamai, A. (2003). Alternative spiritualities and the cultural logic of late capitalism. *Culture and Religion*, 4(1), 31-45. DOI: <https://doi.org/10.1080/01438300302807>
- Riveiro García, D. (2021). *El Impacto del Covid-19 en el perfil del peregrino*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións. Recuperado de: https://www.catedradelcaminodesantiago.com/media/uploads/1607611861_INFORME_RESULTADOS_PRO_YECTO_Dolores_Riveiro.pdf

- Sánchez-Carretero, C. (2015). To walk and to be walked...At the end of the world. En C. Sánchez-Carretero (Ed.), *Heritage, pilgrimage and the Camino to Finisterre. Walking to the end of the world* (pp. 1-20). Heidelberg, Germany/New York, NY/Dordrecht, Netherlands/London, UK: Springer
- Santos, X. M., e Lois González, R. C. (2011). El Camino de Santiago en el contexto de los nuevos turismos. *Estudios Turísticos*, 189, 95-116. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3898981>
- Sobriño, M. L., e López, F. (Eds.). (2006). *Nuevas visiones del paisaje: la vertiente atlántica*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deportes.
- Stoddard, R. H., e Morinis, A. (Eds.). (1997). *Sacred places, sacred spaces. The geography of pilgrimage*. Baton Rouge, LA: Geoscience.
- Timothy, D., e Olsen, D. (Eds.). (2006). *Tourism, religion and spiritual journeys*. London, UK: Routledge.
- Tobler, W. (1970). A computer model simulation of urban growth in the Detroit region. *Economic Geography*, 46(2), 234-240. Recuperado de: <https://www.jstor.org/stable/143141>
- Turner, V., e Turner, E. (1978). *Image and pilgrimage in christian culture*. New York, NY: Colombia University Press.
- UNWTO. (2020). *Supporting jobs and economies through travel and tourism. A call for action to mitigate the socio-economic impact of COVID-19 and accelerate recovery*. Madrid: World Tourism Organization. Recuperado de: https://webunwto.s3.eu-west-1.amazonaws.com/s3fs-public/2020-04/COVID19_Recommendations_English_1.pdf
- Vasilachis, I. (2006). *Estrategias de investigación cualitativa*. Barcelona: Gedisa.
- Xunta de Galicia. (2015). *Plan director y estratégico del Camino de Santiago en Galicia 2015-2021*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Recuperado de: https://www.turismo.gal/canle-profesional/plans-e-proyectos/plan-director-camino-de-santia-go?langId=es_ES#:~:text=El%20Plan%20Director%20del%20Camino,privados%2C%20implicados%20en%20el%20mismo
- Xunta de Galicia. (2019). *Plan estratégico del Xacobeo 2021*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Recuperado de: https://www.turismo.gal/osdam/filestore/1/8/0/5/3_66c1f535732692d/18053_e66ed12a82097c3.pdf
- Xunta de Galicia. (2020). *Plan de reactivación de los sectores cultural y turístico frente a los efectos derivados de la COVID-19*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Recuperado de: <https://xacobeo2021.caminodesantiago.gal/es/institucional/plan-de-reactivacion-de-los-sectores-cultural-y-turistico>